

## **Resolución do 7 de xaneiro de 2026 pola que se convocan axudas para estadias na Universidade de Santiago de Compostela de Persoal Docente e Investigador visitante de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior para o ano 2026.**

A USC convoca para o ano 2026 axudas para a realización de estadias na USC por parte de Persoal Docente e Investigador (PDI) visitante pertencente á universidades e institucións de Educación Superior de países de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) coas que a USC ten un convenio bilateral de intercambio para PDI en vigor.

Esta convocatoria está suxeita ás seguintes bases reguladoras:

### **PRIMEIRA. ACCIÓNS SUBVENCIONABLES**

1.1 A convocatoria está destinada a subvencionar estadias de PDI procedente de institucións socias de fóra do EEES co fin de impartir docencia na USC, preparar proxectos conxuntos de investigación e/ou cooperación, realizar actividades de cooperación ou investigación conxunta ou outras actividades académicas de relevancia.

1.2 Considéranse institucións socias para os efectos desta convocatoria aquelas coas que a USC teña subscrito o correspondente convenio no que se regule o intercambio de PDI. As institucións deberán figurar na relación de convenios internacionais da USC publicada pola Unidade de Convenios con mención expresa á existencia dun acordo específico para PDI, que debe estar vixente tanto no momento de presentar a solicitude como durante todo o período de realización da estadia:  
<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/convenios-internacionais/convenios-internacionais>.

1.3 Concederanse axudas por un período mínimo de 2 semanas e máximo de 4 semanas. Os desprazamentos deberán **iniciarse antes do 30 de novembro de 2026 e finalizar antes do 15 de decembro de 2026**.

1.4 As axudas poderán outorgarse a estadias realizadas no ano 2026 con carácter previo á resolución desta convocatoria, sen que a realización efectiva da mobilidade implique a necesaria concesión da axuda, que dependerá do resultado da avaliación referida na base sexta desta convocatoria.

### **SEGUNDA. DOTACIÓN DAS AXUDAS**

2.1 A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización destinará a esta actividade un orzamento máximo de vinte mil euros (20.000 €) na convocatoria de 2026.

2.2 A axuda cubrirá unicamente o aloxamento e manenza do PDI visitante, de xeito complementario á súa financiación propia.

2.3 O aloxamento será en habitación individual no Sistema Universitario de Residencias (SUR). No caso de que non haxa dispoñibilidade para as datas da estadia proposta ou a persoa beneficiaria da axuda opte por outro tipo de aloxamento, a USC aboaralle o importe correspondente segundo as tarifas vixentes do SUR.

2.4 O importe da axuda en concepto de mantenza calcularase en base aos prezos oficiais dos comedores universitarios e, en todo caso, será do máximo da dieta oficial de manutención vixente de 44,09 €/día (establecida polo Regulamento de indemnizacións por razón do servizo aprobado polo Consello de Goberno da USC).

### TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

3.1 As persoas solicitantes deberán ser membros do PDI da USC e ter o visto e prace do/a director/a do Departamento correspondente.

3.2 Cada membro do PDI da USC poderá presentar unha única solicitude.

### CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1 O prazo de presentación de solicitudes comprenderá desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria até o **9 de febreiro de 2026 ás 23:59 horas**.

4.2 As solicitudes, xunto coa documentación requirida, serán presentadas polo membro do PDI da USC solicitante a través do **Rexistro Electrónico da USC** identificándose coas súas credenciais na web: [www.usc.gal](http://www.usc.gal) no menú: USC Virtual → Sede Electrónica → Servizos Persoais → Rexistro electrónico.  
<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>

- Solicitude xeral (non existe Procedemento).
- Órgano ao que vai dirixido: *Oficina de Mobilidade*.
- Asunto da solicitude: *Convocatoria de axudas para estadias de PDI visitante de fóra do EEES – 2026*
- Como anexos engadiranse os seguintes documentos:
  - a) A **solicitude** debidamente cumprimentada (**Anexo I**).
  - b) **Currículum vitae** do PDI visitante e resumo das actividades que ten previsto realizar na USC, destacando o valor e o beneficio da estadia para a USC no ámbito docente e/ou investigador.
  - c) **Copia do pasaporte** do PDI visitante.

4.3 A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de exclusión.

4.4 As resolucións e os actos derivados da presente convocatoria publicaranse na Sede Electrónica da USC. A información xeral poderá consultarse a través de <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-pdi/mobilidade-fora-eees/convocatoria-axudas-pdi-visitante-fora-eees-2026>

### QUINTA. RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

5.1 Dentro dos 15 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, a Comisión de Selección publicará na Sede Electrónica da USC a **relación provisional** de solicitudes admitidas e excluídas.

5.2 As persoas solicitantes excluídas poderán xustificar o seu dereito a ser admitidas no prazo de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte da publicación da relación provisional, quedando excluídas definitivamente de non facelo. Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, publicarase a lista definitiva, xunto coa proposta de adxudicación de axudas derivadas da base seguinte.

## SEXTA. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

6.1 A Comisión de Selección estará integrada pola axunta á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en quen delegue, que a presidirá, a Vicerreitora de Política Científica, ou persoa en quen delegue, e a Xefa da Oficina de Mobilidade, ou persoa en quen delegue, que actuará como secretaria.

6.2 Para a adxudicación das axudas terase en conta a valoración, entre outros, dos seguintes aspectos, agás que o importe total das solicitudes resulte igual ou inferior ao previsto na convocatoria, en cuxo caso a proposta de concesión realizarase de xeito directo, sen necesidade de avaliación:

- Currículum vitae do PDI visitante.
- Relevancia e viabilidade da actividade proposta a realizar durante a estadía.
- Claridade expositiva.
- Colaboración previa acreditada coa universidade socia.

6.3 Concederase un máximo de 2 axudas por universidade socia.

## SÉTIMA. PROPOSTA DE CANDIDATURAS SELECCIONADAS E LISTAXE DE AGARDA

7.1 Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación da proposta provisional de adxudicación das axudas na Sede Electrónica da USC coa indicación dunha lista ordenada das candidaturas seleccionadas e, de ser o caso, a correspondente lista de agarda.

7.2 Contra esta proposta as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do día seguinte da súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, publicarase a proposta definitiva.

7.3 O prazo máximo de resolución será de 1 mes contado a partir do día seguinte á data de publicación da adxudicación provisional. O efecto do silencio administrativo será desestimatorio.

## OITAVA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

O PDI de fóra do EEES beneficiario das axudas deberá:

8.1 Posuír un seguro médico e de responsabilidade civil con validez en España durante todo o período da súa estadía na USC.

8.2 Rexistrar a súa chegada na Oficina de Mobilidade ao inicio da estadía.

8.3 Recoller o documento de constancia da mobilidade na Oficina de Mobilidade á finalización da estadía.

8.4 Presentar unha **Memoria de seguimento da estadía (Anexo II)**. Este documento deberá ser presentado na Oficina de Mobilidade da USC ([international@usc.gal](mailto:international@usc.gal)) no prazo de 1 mes a contar dende a data de remate da estadía. Os resultados obtidos poderán ser tidos en conta en futuras convocatorias.

8.5 A aceptación da axuda por parte da persoa beneficiaria implica a aceptación das normas fixadas nesta convocatoria.

## NOVENA. OBRIGAS DO PDI DA USC SOLICITANTE

9.1 A persoa solicitante deberá rexistrar a persoa beneficiaria da axuda no Rexistro de Investigadores/as Visitantes da USC e, de ser o caso, dala de alta nos servizos informáticos da USC.

9.2 Así mesmo, a persoa solicitante deberá comunicar á Oficina de Mobilidade ([international@usc.gal](mailto:international@usc.gal)) calquera cambio que se efectúe respecto da solicitude presentada, en especial no relativo ás datas da estadía ou á baixa da persoa beneficiaria no programa.

## DÉCIMA. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,  
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/01/2026 10:47:50.

CSV: 506F-4955-4C04-96B0